

Incidentes no Xulgado do Social número 4 de Vigo

Desaloxado o público no xuízo contra PSA Citroën por despedimento do delegado da Sección Sindical de CGT en Citroën. A representación legal de CGT solicita o despedimento nulo por represión sindical

Este venres 25 de marzo celebrábase o xuízo contra PSA Citroën España polo despedimento do delegado da Sección Sindical de CGT na citada empresa. Dez minutos antes da hora fixada para o comezo do xuízo a sala do Social número 4 estaba chea de compañeiros do despedido que querían mostrarlle a súa solidariedade.

O problema xurdíu cando a xuíz titular, antes incluso de sentarse na sala, e polo tanto, antes de dar inicio ao xuízo propiamente dito, ordea o desaolxo do público. Certamente os xuíces teñen a potestade de ante desordes ou posibles desordes na sala mandar desaloxala, pero esta circunstancia non se produciu en ningún momento o pasado venres. Ao mesmo tempo, hai que lembrar que segundo a Constitución Española este tipo xuízos son públicos polo que unha medida que rexistra este dereito debería ser tomada en casos extremos. Os intentos do representante de CGT para que a xuíza cambiara a súa decisión foron infructuosos e o único que se conseguiu foi tanto ou máis arbitrario que a primeira decisión: que só pudesen estar presentes 4 persoas por cada parte, parece que o que lle molestaba a xuíza foi a numerosa preseza de compañeiros do despedido.

Inmediatamente despois dos feitos representantes deste sindicato tiveron unha entrevista co Xuíz Decano do Vigo para amosarlle o malestar do Sindicato e do público en xeral. O Decano reconeceu que era unha medida un tanto drástica por producirse antes incluso de que a xuíza chegara a sentarse. Neste sentido o Decano comprometeuse a falar coa xuíza para ver que sucedera.

Ao mesmo tempo, un importante número de persoas efectuaron inmediatamente reclamacións contra a actitude da xuíza ante o Consello Xeral do Poder Xudicial.

Para a CGT estes feitos supoñen un ataque aos dereitos de todos os cidadáns que non poden ser permitidos.